



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arqueoloxía aplicada

Materia	Arqueoloxía aplicada			
Código	002G251V01405			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano Fernández Fernández, Adolfo Rodríguez Nóvoa, Alba Antía			
Profesorado	Fernández Fernández, Adolfo Pérez Losada, Fermín Emiliano Rodríguez Nóvoa, Alba Antía Valle Abad, Patricia			
Correo-e	adolfo@uvigo.es fermin@uvigo.es albaantia.rodriguez@gmail.com			
Web	http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=999			
Descrición xeral	Estudio da cultura material europea desde a Protohistoria ata a Angüidade Tardía, con especial atención ao período clásico e ao ámbito xeográfico da Península Ibérica. Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D2	Aplicación dos coñecementos
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións históricas	A1	B3	C18	D2
Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral	A3	B6	C23	D7
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A4	B3	C18	D5 D9

Contidos

Tema	
1. Arqueoloxía Protohistórica no Mediterráneo	1.1. O mundo fenicio-púnico 1.2. A cultura ibérica peninsular 1.3. A cultura castrexa peninsular
2. Arqueoloxía Grega	2.1. A cidade e o urbanismo. Expansión colonial. Arquitectura pública civil e relixiosa. Necrópoles e construcións domésticas 2.2. Plástica maior: estatuaria e relevo. Pintura e mosaico. 2.3. O universo cerámico grego: producións, tipoloxía, funcionalidade e iconografía.
3. Arqueoloxía Romana e tardoantiga	3.1. Construción e arquitectura. Arquitectura pública, privada e funeraria. Cidades e urbanismo: Roma e outras cidades provinciais. 3.2. O exército e os seus asentamentos. A paisaxe rural: parcelarios, vías de comunicación, enxeñaría hidráulica, poboados e casas de campo 3.3. Estatuaria, relevo, pintura e mosaico. O universo cerámico (producións, tipoloxía) e outras artes suntuarias e industriais (vidro, metais) 3.4. Necrópoles e arquitectura cultural paleocristiana. Escultura, relevo e mosaico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	7	35
Eventos científicos	2	0	2
Saídas de estudo	6	12	18
Presentación	8	8	16
Seminario	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	2	24	26
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	6	6
Traballo	0	26	26
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Esta exposición abranguerá alomenos dous tercios do temario.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas desde o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Saídas de estudo	Viaxe de estudos para observación e estudo directo de xacementos e materiais arqueolóxicos tratados nas clases teóricas. Está prevista unha saída de tres días de duración ao ámbito próximo (ca. 500 kms. a partir de Ourense) durante o mes de abril ou maio.
Presentación	Exposición por parte do alumnado, de maneira individual ou en grupo reducido (2-3 persoas), dun dos subtemas específicos tratados nos seminarios, a xeito de sesión maxistral para o resto dos seus compañeiros. A exposición deberá apoiarse en medios audiovisuais (PowerPoint ou similar) e deberán entregar asemade o guión da exposición por escrito.
Seminario	Actividades desenvolvidas en grupo reducido, enfocadas ao traballo en profundidade sobre algúns subtemas específicos do temario a acordar co profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolución de dúbidas sobre os contidos expostos nas sesións maxistrais. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento na aula (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).

Saídas de estudo	Información e asesoría personalizada sobre a viaxe de estudos arqueolóxicos que teña lugar durante o curso. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento na aula e nos seminarios (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).
Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Resolución de dúbidas e seguimento personalizado na programación, organización, desenvolvemento e exposición do traballo práctico (subtema específico tratado nos seminarios) que deben realizar os alumnos, individualmente ou en grupo reducido. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento nos seminarios (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Saídas de estudo	A viaxe de estudos será avaliada, amáis de pola asistencia, mediante a entrega dunha breve memoria de prácticas. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: "Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións históricas" e "Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral"	10	A3	B6	C18	D7
Presentación	Os contidos tratados nos seminarios serán avaliados mediante a presentación/exposición por parte dos alumnos, a xeito de clase maxistral, do subtema específico elixido. Valoraránse os contidos e metodoloxía da propia exposición, así como a entrega dun guión por escrito. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: "Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas"	15	A4	B3	C18	D9
Seminario	Os contidos tratados nos seminarios serán avaliados mediante a presentación/exposición por parte dos alumnos, a xeito de clase maxistral, do subtema específico elixido. Valoraránse os contidos e metodoloxía da propia exposición, así como a entrega dun guión por escrito. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: "Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas"	25	A4	B3	C18	D9
Exame de preguntas obxectivas	Os contidos expostos nas sesións maxistrais e mais nas exposicións dos alumnos serán avaliados mediante unha proba escrita de resposta curta (exame tipo test). Haberá dous exames parciais, amáis do exame final de cada convocatoria. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: "Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións históricas" e "Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral"	40	A1	B3	C23	D2 D5
Observación sistemática	Participación activa nas clases teóricas e prácticas, tanto sexa na modalidade presencial como na semipresencial (seguimento da materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi). Os resultados da aprendizaxe avaliados son: "Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións históricas" e "Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral"	10			C23	D5 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a traveso das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoa como propias" (DLE-RAE).

Todas as sesións de lección maxistral do profesor/a e mais as presentacións/exposicións que realicen os alumnos serán gravadas en video. Estas gravacións quedarán a libre disposición dos alumnos a través da plataforma MooVi, onde poderán visualizalas asincrónicamente no momento que estimen oportuno.

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente dispoña como imprescindibles. Contabilizarase expresamente a asistencia ás clases teóricas e sesións de exposicións dos alumnos (10%), tanto sexa acudindo de modo físico ás aulas como visualizando as gravacións das mesmas a través de MooVi.

Para aprobar a materia (e facer media ponderada coa avaliación das prácticas) é preciso obter no exame (media dos parciais ou exame final) unha nota igual ou superior ós 4 puntos. Tamén será preciso ter realizado a actividade práctica principal (preparación e exposición dun subtema específico na clase), ou ben ter presentado traballo alternativo equivalente, obtendo nesta actividade unha calificación igual ou superior ós 3 puntos. Idénticas condicións rexen para a 2ª convocatoria.

Avaliación da viaxe de prácticas (peso do 10% na calificación final): soamente por asistir á viaxe xa se lles da por aprobada a actividade (5 puntos). A outra metade da nota (5 puntos) dependerá da entrega e avaliación dunha Memoria crítica dos vestixios arqueolóxicos visitados durante a viaxe. Para aqueles alumnos/as que NON participen na viaxe de prácticas: entrega e avaliación (10 puntos) dunha Memoria crítica da visita PRESENCIAL alternativa realizada (mínimo 2 conxuntos arqueolóxicos relevantes da súa elección).

Amáis do sistema descrito de avaliación continua, que debe ser a habitual tanto para presenciais como semipresenciais, todo o alumnado poderá elixir ser avaliado mediante a modalidade de "avaliación global", que terá que ser comunicada ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles contados dende o inicio do cuadrimestre (art. 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado*, da Universidade de Vigo). As probas de avaliación global consistirán no seguinte:

- Exame presencial convencional por escrito (preguntas cortas + desenvolvemento dun tema a elixir entre dous). Peso do 50% da avaliación final. É necesario obter unha nota no exame igual ou superior a 4 para poder facer media coa nota do traballo.
- Entrega dun traballo bibliográfico por escrito sobre calquera tema de arqueoloxía grega ou romana, a acordar co profesor/a, cunha extensión mínima de 20 follas e máxima de 30, incluíndo a parte gráfica (mapas, planos, fotos, debuxos), que debe ir intercalada no texto, e maila bibliografía. É obrigatorio consultar e citar alomenos 5 referencias bibliográficas específicas sobre o sitio ou tema tratado. Peso do 50% da avaliación final. É necesario obter unha nota no traballo igual ou superior a 3 para poder facer media coa nota do exame.

A calificación final será a da media aritmética das notas obtidas no exame e mais no traballo. As probas de avaliación global rexerán tanto para a convocatoria ordinaria de xuño como para a extraordinaria de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ZARZALEJOS PRIETO, M.; GUIRAL PELEGRIN, C., **Historia de la cultura material del mundo clásico**, UNED, 2010

GUIRAL PELEGRIN, C.; ZARZALEJOS PRIETO, M., **Arqueología I (Arqueología de Egipto y del Próximo Oriente.**

Arqueología del Egeo. Arqueología de Grecia), UNED, 2005

GUIRAL PELEGRIN, C.; ZARZALEJOS PRIETO, M., **Arqueología I (Arqueología de Roma**, UNED, 2005

Bibliografía Complementaria

ADAM, J. P., **La construcción romana. Materiales y técnicas**, 2002

GROS, P., **L 'Architecture romaine du début du IIIe siècle av. J: C. a la fin du Haut Empire I. Les Monuments publics, II. Maisons, palais, villas et tombeaux**, 1996-2001

COPPA, M., **Storia dell'urbanistica : le etta ellenistiche**, 1981

GROS, P.; TORELLI, M., **Storia dell' urbanística: il mondo romano**, 1992

AA.VV., **La ciudad hispanorromana**, 1993

AA.VV., **Hispania: el legado de Roma**, 1999

GARCIA y BELLIDO, A, **Urbanística de las grandes ciudades del mundo antiguo**, 1985

ALVAR, J. (Dir), **Entre Fenicios y visigodos: la historia antigua de la Península Ibérica**, La esfera de los libros, 2008

BENDALA, M., **Tartessos, íberos y celtas. Pueblos, culturas y colonizadores de la Hispania Antigua**, 2004

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría e método da arqueoloxía/O02G251V01204

Outros comentarios

Os alumnos deberán estar dados de alta e co seu perfil editado na plataforma de teledocencia MooVi. Nesta plataforma incluírase información detallada e adicional sobre contidos e actividades da materia, proporcionándose igualmente outro tipo de recursos docentes (material audiovisual, documentos, enlaces, foros etc.).

Materia impartida por A. Rodríguez e P. Valle, profesoras contratadas posDoc da Universidade de Vigo (programa Margarita Salas), baixo a coordinación docente dos profs. Fermín Pérez e Adolfo Fernández.
